



Unión Europea



Unha maneira de facer Europa

Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

"A Estrada Social Sostible 2020 (AESS2020) proxecto cofinanciado nun 80% mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020"



"CONTRATO DA OBRA "HUMANIZACIÓN AVDA. FERNANDO CONDE"

A Estrada, 16 de outubro de 2018

REUNIDOS

-Dunha parte, **D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS** con DNI n.º 52472456A, , Alcalde do EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA. Actúa en nome e representación do Concello.

-Doutra parte, **D. JESÚS FONTÁN PIÑEIRO** con DNI n.º 35427185D, actuando en nome e representación de **COVSA (Construcións, Obras e Viais S.A.)** (n.º de CIF A-36008886), con capacidade acreditada para este acto, segundo resulta da documentación obrante no expediente de contratación, e que manifesta non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade, incapacidade ou prohibicións, que determinan as disposicións vixentes nesta materia.

Manifesta expresamente que as circunstancias reflectidas nos certificados ou demais documentación aportada durante o procedemento, non experimentaron variación.

En funcións de fe pública, a Secretaria da Corporación Dna. Lucía Artime Alonso.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para obrigarse, e celebrar o contrato da obra "**HUMANIZACIÓN AVDA. FERNANDO CONDE**" e din o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Expediente de contratación

O expediente de contratación por procedemento aberto simplificado foi aprobado por Resolución da Alcaldía n.º 2018-0900 de 27 de xullo de 2018, logo de producirse a súa fiscalización pola intervención municipal.





Unión Europea



Unha maneira de facer Europa

Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

"A Estrada Social Sostible 2020 (AESS2020) proxecto cofinanciado nun 80% mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020"



2. Adxudicación do contrato

Por Resolución da Alcaldía nº 2018-1185 de data 9 de outubro, tras a fiscalización previa feita pola Intervención municipal, o contrato foi adxudicado definitivamente a CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A., por ser a súa oferta máis vantaxosa presentada, e autorizouse a celebración do presente contrato.

3.-Este proxecto está cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020.

4. Garantía

Segundo consta mediante carta de pagamento expedida pola Tesourería Municipal, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de **22.981,97 euros**. Non será devolta esta garantía ata que, cumprido satisfactoriamente o contrato venza o período de garantía, ou sexa resolto o contrato sen culpa do contratista. Convindo a ambas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente **CONTRATO DA OBRA "HUMANIZACIÓN AVDA. FERNANDO CONDE"** formalízase no presente documento administrativo, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A., comprométese á executar o presente **CONTRATO DA OBRA "HUMANIZACIÓN AVDA. FERNANDO CONDE"** co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas. Igualmente executará o contrato con arranxo ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e ós Pregos de Prescricións Técnicas que figuran no expediente así como ás instrucións que en interpretación dos mesmos poida ditar o Concello. Asemade, executaráse co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas e ó resto da normativa que lle sexa de aplicación, incluíndo a normativa en materia de protección de datos. Todos estes son documentos contractuais que coñece e acepta incondicionalmente e sen reserva algunha. Asemade, con arranxo á súa oferta en todo o que non contradiga e mellore as previsións dos Pregos.





Unión Europea



Unha maneira de facer Europa

Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

"A Estrada Social Sostible 2020 (AESS2020) proxecto cofinanciado nun 80% mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020"



SEGUNDA: O importe da adxudicación, que deberá satisfacer a Administración na forma e tempo previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas, ascende a **556.163,71 € (IVE incluído)**. Este contrato non será obxecto de revisión de prezos.

TERCEIRA: Este contrato terá unha duración **de 4 MESES** que empezarán a contarse a partires da acta de comprobación do replanteo.

CUARTA: O prazo de garantía terá unha duración mínima de **CINCO ANOS** a contar dende a acta de recepción das obras. Se durante o prazo de garantía acredítase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o Concello terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación dos mesmos.

Transcorrido este período de tempo, e tras constatar pola Administración o estado dos traballos, procederase á liquidación do contrato. Se a liquidación fose de cero euros, ou presentase saldo favorable ó contratista, procederase á cancelación da garantía definitiva.

Caso de que a liquidación presentase un saldo favorable á Administración, esta incautará a cantidade correspondente da garantía definitiva. Todo isto, sen prexuízo das indemnizacións por danos e prexuízos que puideran corresponder.

QUINTA.- A entidade adxudicataria estará obrigada a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas no apartado 2.2. do Anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

E para a debida constancia de todo o convido, as partes asinan este contrato de 2 páxinas en duplicado exemplar, en A Estrada. En funcións de fe pública, a secretaria da Corporación.

O ALCALDE,

O CONTRATISTA (Construcións, Obras e Viais S.A.)

José C. López Campos

Jesús Fontán Piñeiro





Unión Europea



Unha maneira de facer Europa

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

"A Estrada Social Sostible 2020 (AESS2020) proxecto cofinanciado nun 80% mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020"



"FORMALIZACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "HUMANIZACIÓN AVDA. FERNANDO CONDE"

A Estrada, 11 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, **D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS** con DNI nº 52472456A, Alcalde do EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA, actuando en nome e representación do Concello.

Doutra parte, **D. JESÚS FONTÁN PIÑEIRO** con DNI n.º 35427185D, actuando en nome e representación de **COVSA (Construcións, Obras e Viais S.A.)** (nº de CIF A-36008886), con capacidade acreditada para este acto, segundo resulta da documentación obrante no expediente de contratación, e que manifesta non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade, incapacidade ou prohibicións, que determinan as disposicións vixentes nesta materia.

Manifesta expresamente que as circunstancias reflectidas nos certificados ou demais documentación aportada durante o procedemento, non experimentaron variación.

En funcións de fe pública, a Secretaria da Corporación Dña. Sandra María García Chenlo.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e a capacidade legal necesaria para subscribir a modificación do contrato da obra "Humanización Avda. Fernando Conde", sobre a base dos seguintes,

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A entidade Construcións, Obras e Viais, S.A. (COVSA) é adxudicatana do contrato da obra de "Humanización Avda. Fernando Conde", segundo contrato administrativo asinado en data 16 de outubro de 2018.







Unión Europea



Unha maneira de facer Europa

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

"A Estrada Social Sostible 2020 (AESS2020) proxecto cofinanciado nun 80% mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020"



SEGUNDO.- Durante a execución das obras xurdiron circunstancias que fixeron necesaria a modificación do proxecto, de xeito que con data 03 de maio de 2019 foi redactado o Proxecto modificado de "Humanización da Avda. Fernando Conde" polo arquitecto técnico municipal don Daniel Órrea Corral.

TERCEIRO.- Tramitado expediente para a modificación do contrato, en sesión celebrada o 09 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda entre outros "Aprobar o Proxecto modificado de obras denominado "Humanización Avenida Fernando Conde" redactado por el Arquitecto Técnico Municipal, Don Daniel Órrea Corral, de data 10 de xuño de 2019; Aprobar a modificación do contrato administrativo de obra denominado "Humanización Avenida Fernando Conde", nos términos do modificado do proxecto de obra; Efectuar a ampliación e dispoñer a aprobación e compromiso de gasto por importe de 110.915,07 euros, (IVE incluído), sendo o importe total do compromiso de gasto de 667.078,78 euros; Realizar o reaxuste do importe da garantía definitiva que ascende a 4.583,27 euros, (5% do prezo de adjudicación), que deberá constituír no prazo de quince días, contados desde a data en que se notifique o acordo de modificación, ao abeiro do establecido no artigo 109.3 da LCSP; Reaxustar o prazo de execución do contrato de modo que se amplía en dous meses, a contar desde a formalización da modificación do contrato, tal e como se indica no proxecto técnico, e conforme ao art. 162.2 del RD 1098/2001; (...)".

CUARTO.- Consta mediante carta de pagamento expedida pola Tesourería Municipal, que o adjudicatario cumpriu co reaxuste da garantía definitiva mediante a súa constitución por importe de 4.583,27 €.

De conformidade co establecido no artigo 203.3 da LCSP, por medio do presente documento administrativo procédese á formalización da modificación sinalada conforme coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS S.A, comprométese, con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e ó de prescricións técnicas que rexen o contrato, e á modificación acordada, a executar as obras previstas no Proxecto modificado de obras denominado "Humanización Avenida Fernando Conde"







Unión Europea



Unha maneira de facer Europa

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

"A Estrada Social Sostible 2020 (AESS2020) proxecto cofinanciado nun 80% mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020"



SEGUNDA.- O importe da modificación ascende á cantidade de cento dez mil novecentos quince euros con sete céntimos de euro (110.915,07 €), IVE incluído, sendo o importe total do compromiso de gasto de seiscentos sesenta e sete mil setenta e oito euros con setenta e oito céntimos de euro (667.078,78 €).

TERCEIRA.- O prazo de execución do contrato de modo ampliase en dous meses, a contar desde a formalización da modificación do contrato.

CUARTA.- O contratista acepta a modificación contractual acordada, e as dúas partes sométense, para o que non estea establecido no contrato (especificacións de cláusulas administrativas particulares, proxecto de obra e proxecto reformado, documento de formalización do contrato de traballo asinado polas partes con data 16 de outubro de 2018, e a modificación contractual que se incorpora), á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e demais disposicións reguladoras de desenvolvemento.

As cuestións litixiosas que se poidan xurdir relativas á interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados mediante recurso contencioso administrativo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E para a debida constancia de todo o convido, as partes asinan este contrato de 3 páxinas en duplicado exemplar, en A Estrada. En funcións de fe pública, a secretaria da Corporación.

O ALCALDE,


José C. López Campos


O CONTRATISTA,



Jesús Fontán Piñeiro

A SECRETARIA,


Sandra María García Chenlo


